

Concello de Viveiro

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 171, de 28 de xullo de 2020, publica a convocatoria do proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan nos departamentos de Grupo Municipal de Emerxencias, xardíns ou obras do Concello de Viveiro, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal. Expte.: 4133/2020.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan nos departamentos de Grupo Municipal de Emerxencias, xardíns ou obras do Concello de Viveiro, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...)A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) **Lista provisional.-** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de un mes.

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte **lista provisional de admitidos e excluídos:**

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de Galego
1	FERREIRO NOVO JESUS MANUEL	EXENTO
2	GALLEGO BOUZA PEDRO	EXENTO
3	YAÑEZ MARTÍNEZ NAZARET	EXENTO
4	RODRIGUEZ PIÑON JULIO CESAR	EXENTO
5	PENABAD FERNANDEZ LUIS	NON EXENTO
6	PRIETO RAMUDO PABLO	NON EXENTO

B) EXCLUÍDOS:

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Nº	Apelidos e Nome	Proba de Galego	Motivo de exclusión
1	EXPÓSITO CAO JORGE	NON EXENTO	Non acredita, xunto coa documentación presentada, estar en posesión da Titulación esixida (Base Xeral pto. 5 b e base específica pto 2.A: "(...)GRADUADO EN ESO OU EQUIVALENTE...")
2	FERRO CERDEIRAS MIGUEL ANGEL	EXENTO	Non acredita, xunto coa documentación presentada, estar en posesión do permiso de conducir esixida (Base Xeral pto. 5 c): " (...)Copia do carné de conducir que habilite para conducir camións sen límite de peso e remolques de mais de 750Kg, segundo a normativa vixente... "

A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique.

A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 5, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

María Loureiro García

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

